

A VOLTAS COA XUNQUEIRA E ILLA DO COVO

Amancio Castro González.

Os topónimos e usos da Xunqueira ou Xunqueiras do Covo sufriron en apenas 50 anos variacións e degradacións parellas aos plans que as distintas administracións tiñan para estes espazos naturais de marismas e xunqueiras, neste caso un dos máis importantes da ría de Pontevedra de cara a manter a biodiversidade da ría.

A degradación ambiental que se foi cometendo dende mediados do século XX na Xunqueira significou o máis grave que se contemplou na ría. Posiblemente maior que o trazado da Avenida de Marín e vía do tren, o recheo entre esta e a costa e a instalación e contaminación demostrada do complexo ENCE-ELNOSA, ou os vertidos a rego libre sen depuradora das augas fecais da cidade de Pontevedra.

O topónimo “covo” pode ter que ver con cóncavo, un espazo xeográfico formado polo cruce perpendicular de dúas fracturas que foi ocupando o río dando unha curva de 90 graos que coincidiu practicamente co límite das mareas polo que se foron depositando areas e limos na marxe dereita da curva, na dirección da corrente, formando as xunqueiras, e erosionando a parte esquerda formándose as marismas ou **secas** de limos que collían ata o Antigo Camiño de Castela, a zona onde está o Estadio da Xuventude e a seca de Santa Clara que chegaba ata os patios posteriores das casas da rúa Santa Clara, rúa que foi un dos accesos á vila de Pontevedra.

Despois desta ampla cunca aparece un estreitamento onde se instala a Ponte do Burgo importantísimo punto de comunicación dende a época romana.

Na foto do arquivo de Cedofeita (dalgunha colección de postais de principios do s. XX) pódese apreciar esa forma de cunca que puido ser a orixe do topónimo Covo, e tamén a extensión das marismas ou secas ás que me refiro.



A Xunqueira a finais da década de 1950

A estas marismas trátanas de desecar seguindo a filosofía decimonónica do saneamento, pois o terror aos mosquitos e o cheiro das bacterias propias destes lugares, cando están próximos a zonas urbanas, leva a cambialas por “paseos hixiénicos” con eucaliptos ou plátanos de paseo, logo chegaría a especulación do solo barato e accesible mesmo como zona industrial.

Constrúese así o Malecón (Avda. de Bos Aires, 1911). Nesa seca preténdese montar unha granxa de patos, que nunca chegou a funcionar, logo reencheron tódalas pozas que había para tal fin, un auténtico criadeiro de ras, e instalan a fábrica TAFISA. Seguindo río abaixo, sotérrase o regueiro Valdecorvos e faise unha piscina pública e o estadio da Xuventude. A seca de Santa Clara reénchese co “O Borrón” (era o nome co que o coñeciamos os rapaces da “Plazuela da Riega” nos anos 50). Este recheo faise a base do lixo da vila (iso si, sen plásticos), e restos da construción e desterros.

Xurdiu así a zona onde hoxe esta a rúa Cruz Vermella. Alí, ademais do vertedoiro do lixo, había fronte ao novo Estadio unhas instalacións onde “traballaba” o “boi de puesto”, traballo ese que estaba no número un da lista de cousas que tiñamos que ver, naquel mundo sen televisión. O problema era que para tratar de asexar tiñamos que alcanzar unha ventá un pouco alta para nós, o que nos levaba a acadar solucións de solidariedade do máis enxeñosas, converténdose a cuestión nunha das “actividades extraescolares lúdico-pastoriles” dos días 1 e 15 de cada mes cando tocaba feira de gando e o boi facía horas extras. Non me lembro cando rematou aquela

lideira do boi, posiblemente quedou no “paro” por mor da inseminación artificial e a cousa xa non nos tiña morbo ou é que xa lle chegabamos á ventá sen esforzo e non tiña a marca do prohibido.

Pasados uns anos nese espazo construíuse a Escola de Maxisterio e as vivendas de Tafisa.

Destas secas quedáanos só o topónimo do **barrio da Seca** e a rúa co mesmo nome. O regueiro Valdeconvos segue soterrado por debaixo do Estadio da Xuventude e desauga a carón da ponte dos tirantes ou cando se desmanda trata de recuperar o que lle quitaron e inunda os garaxes dalgúns edificios da zona para lembrarnos que ese espazo era del.

Nesta época dos recheos das “secas” as Xunqueiras do Covo seguen funcionando como un ecosistema complexo, onde un elo importante é a acción humana.

Neste espazo natural inciden dúas veces ao mes a influencia das mareas vivas que a inundan coa auga salgada, incrementándose co aporte de auga doce que trae o Lérez sobre todo nas enchentes, os aportes alternantes de auga doce e salgada que penetra a toda a superficie da xunqueira por unhas canles que orixinan varias illas ás que se pode pasar con dificultade na marea baixa, dá como resultado un tipo de vexetación a base de xunco e espartina que os veciños de Lérez aproveitaban para estrumar as cortes, segando e transportando o xunco en carros tirados por vacas. Estas prácticas de segas anuais era a causa de que na xunqueira existira unha densidade alta de limícolas como as becacas, mazaricos, biluricos, pilros,... que co xunco alto non poden acceder ao solo que é onde está a comida que necesitan, por iso que na rexeneración das xunqueiras como a da Gándara débese contar con esa práctica, polo menos nun sector, pois do contrario existen un tipo de aves que non volven pois non teñen a que ir ao non poder acceder á comida.

A mediados do s. XX decídese desecar a Xunqueira, sen ter en conta o inmenso aporte biolóxico fundamental para a riqueza da biodiversidade da ría, tema que xa era coñecido cientificamente nesa época. circunvólana cunha pista elevada para que non entre a auga nin nas mareas vivas nin nas enchentes do río e empézase a reencher o interior do perímetro

conservándose o brazo de río que formaba a maior das illas instalándolle varias comportas para manter un nivel de auga renovada cando chegan as mareas vivas. Unha das canles aínda levou un tempo asumindo o lixo da Vila nunha gran charca situada aproximadamente onde se fixo a praza do peixe provisional (hoxe aparcamento).

Nesta época a denominación oficial de toda a zona é a de “**La Junquera**”, e así se denomina ao primeiro centro de ensino que se instala nestes terreos nos anos 70 é o “Colegio de E.G.B. de la Junquera de Pontevedra”.

Pasados os anos vanse creando varios centros de ensino que reciben alumnado sobre todo do rural próximo a Pontevedra achegándoos en transporte. Curiosamente recóbrase a denominación de **Xunqueira** para os centros de ensino de primaria e secundaria. Os dous de primaria serán CEIP A Xunqueira I e CEP A Xunqueira II, os de secundaria serán tres un de Formación Profesional que quedou como IES A Xunqueira (actual CIFP) e os outros dous Institutos de Secundaria serán IES A Xunqueira I e IES A Xunqueira II.

A illa que se conserva vai sufrindo tamén sucesivos recheos tratando de facer dese espazo unha zona de recreo así durante a alcaldía de García Borregón reenchéase e plántanse os eucaliptos co fin de “sanear” e desecar a zona. Despois nas proximidades instálase “El Parque de la Familia” que non tivo moito éxito pola falla de mantemento e de vixilancia, estragándose rapidamente as instalacións converténdose a zona nun aparcamento de coches nocturno onde se trataban temas mesmamente de “familia”.

No ano 1999, inaugúrase un proxecto de Antón Castro para a illa que a vai a rebautizar co nome do proxecto: **Illa das Esculturas**.

A maioría das 12 esculturas están chantadas sobre zonas de recheo sendo a vexetación de tipo ruderal e ao depender de diferentes administracións ou de ningunha en concreto, o entorno aparece moi abandonado, unha mágoa, para a importancia que un parque desa categoría demanda. Plántanse, iso si, árbores diversas diferentes ás xa mencionadas.

A partir do ano 2000 revísase a toponimia do concello e a illa volve recuperar o seu antigo nome, que nunca se esqueceu entre os veciños de Lérez:

Illa do Covo

O arboredo de toda a xunqueira recollémolo Jaime Blanco e quen escribe, no libro das árbores da cidade de Pontevedra que nos publicou o concello, pechando o censo de árbores o 10 de febreiro de 2010. No inventario na zona da Illa do Covo contabilizamos unhas trinta especies diferentes que sumaban ao redor de 300 árbores sen contar as ventureiras.

Neste momento estase a investir un saco de cartos, máis de millón e medio de euros, na illa da Xunqueira do Covo. No proxecto consta, respectar as pequenas zonas de xunqueira relictas que aínda seguen inundándose nas mareas vivas nas beiras da canle regulada coas comportas, segue tendo o *xunco* e zonas de *Spartina* posiblemente a *Spartina maritima*, pois aquí non da botada a espiga co que non é fácil de determinar.

Nunha destas zonas está a escultura de Robert Morris "Laberinto de Pontevedra" feito en granito cuberto de lousa ("pizarra").



Zona de xunqueira co labirinto de Robert Morris

Outra das ideas do proxecto consiste na eliminación das especies foráneas, e no seu lugar plantar ao redor de 300 novas árbores autóctonas. Empezáronse a cortar os eucaliptos e pararon na zona onde está a obra escultórica de Fernando Casás "Los 36 justos" representada por 36 bloques de granito negro de Campo Lameiro. No mesmo eucaliptal está tamén a obra de Ian Hamilton 'Petarca' feita a base de tres medallóns de lousa

("pizarra") verde de Lugo, colgadas en tres eucaliptos que mira por onde salvaron a vida, o mesmo que seguen en pé os eucaliptos que rodean aos "36 justos", pois aínda que algúns teñen unha marca vermella, sospeitosa, supoño que lles pararon a corta por se as esculturas sufrían "daños colaterales". Asunto que debeu sufrir o alcipreste calvo (*Taxodium distichum*) que estaba moi ben situado polo tema da humidade do solo, pois esta árbore procedente do Mississippi é de río, vivindo incluso asolagada producindo entón unhas curiosas raíces respiratorias, que no caso das plantadas en Pontevedra non se dan, por estar en solo seco.



Foto cedida Por Jaime Blanco do alcipreste calvo en outono, antes de caer a folla.

Si quedou en pé a ringleira de 15 carballos que dan ao Lérez onde se protexeu a beira da erosión, estes carballos non son o autóctono, trátase do *Quercus humilis*, tamén chamado *Quercus pubescens*. O seu nome popular é o de carballo pubescente pois ten unha peluxe densa tanto nas follas como nas póliñas, deben ser irmáns doutros 5 carballos que tiveron que repor na Alameda á altura do palco da música hai uns anos.

Pasaron a mellor vida as mimosas (*Acacia dealbata*) e algunhas mimosas mouras (*Acacia melanoxylon*) que estaban na mesma beira do río

que os carballos “humildes”. Tamén salvaron a vida uns 53 carballos americanos (*Quercus rubra*) que están na beira da illa, algúns integrados na escultura de José Pedro Croft feita en granito perla Mondariz a “cabana sen portas nin ventás”, outros mesturados cos eucaliptos.

Nese eucaliptal das esculturas viven esperando mellores condicións de vida 7 tileiros americanos (*Tilia americana*), 2 tileiros de follas grande ou tileira (*Tilia platyphyllos*), 8 tileiros prateados (*Tilia tomentosa*), 2 castiñeiros (*Castanea x coudercii*) e a maioría dos 17 liquidámbares (*Liquidambar styraciflua*) coas súas follas en forma de estrela de cinco puntas que en outono vai collendo un colorido que pasa do verde ao vermello escuro percorrendo toda unha gama de amarelos, ocre e laranxas espectaculares e 16 árbores das tulipas (*Liriodendrum tulipifera*) espalladas pola illa, os accesos á mesma e o antigo parque da familia, coas características follas truncadas e as flores que parecen tulipas, de momento aínda son novos para dar flores.



Aspecto do eucaliptal.


Tamén pola illa andan 7 magnolias ou magnolios (*Magnolia grandiflora*). As que plantaron aquí pertencen ao cultivar ‘*Galissonnière*’ que ten o envés das follas cunha peluxe parda acastañada. Non quero esquecerme de 3 salgueiros choróns (*Salix babylonica*) e 1 chopo negro (*Populus nigra*) e como non, dos 66 plátanos (*Platanus hispanica*) que dan sombra ao paseo dos 8 bancos en granito gris de Arcade gravados con sentencias e máximas do escultor Jenny Holzer.

Logo están as árbores, algunhas con porte arbustivo, das verdadeiramente autóctonas, agás dun carballo plantado como ornamental (*Quercus robur*) o resto naceu ventureiro (sen que ninguén os plantase

con fins ornamentais), destes temos varios carballos (*Quercus robur*), amieiros (*Alnus glutinosa*), sabugueiros (*Sambucus nigra*), salgueiros (*Salix atrocinerea*) e bidueiros (*Betula pubescens*) que forman parte da beira dereita do río Lérez e continúan pola canle que separa a beira da xunqueira da illa da mesma. A altura da zona do labirinto de Robert Morris, na beira da canle seguen as dúas matas de tamargueira ou tamarxeira (*Tamarix gallica*) planta que aguanta o exceso de salinidade de forma excepcional. Tamén ao principio da canle na comporta próxima a escultura en granito “zona de descanso” flotante sobre unha balsa de madeira de Francisco Leiro, hai unhas acacias e mimosas ventureiras que na última visita que fixen ao recinto aínda estaban en pé, non sei se están indultadas ou aínda non lle chegou a hora pois aínda andan con movementos de terra e seguen algunhas árbores marcadas para ir dando xeito ao proxecto.

Por último, das 300 árbores do proxecto para a Illa do Covo xa está plantados uns 50 carballos (*Quercus robur*) dos autóctonos, nunha zona bastante enchoupada para esas árbores que o están pasando mal. O resto supoño estarán esperando o momento oportuno en que os ciclos da natureza aconsellen facer os transplantes.

Déixovos unha foto, aproximadamente dende o mesmo sitio de onde se quitou a que encabeza iste artigo, cunha diferenza duns 70 anos.



Vista da zona da Xunqueira do Covo en outubro de 2011 dende o adro da igrexa de San Salvador de Lérez.

De todo isto penso que hai que felicitar-se de que se poñan medios e vontades para por en valor este espazo único e sobre todo de recuperar o topónimo da **Xunqueira do Covo** e o dunha das súas illas, a **Illa da Xunqueira do Covo**.